

CONCRECIÓN CURRICULAR

(EDUCACIÓN PRIMARIA)

Curso 2022- 2023



CEIP.P. Condesa De Fenosa

O Barco De Valdeorras

32015116

Índice

Adecuación dos obxectivos xerais da etapa ao contexto do centro.....	3
Contribución a adquisición das competencias clave.....	5
Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.....	5
Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.....	7
Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.....	10
Criterios para o deseño das actividades complementarias.....	11
Criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.....	11
Criterios xerais para a avaliación e a promoción.....	12
Criterios xerais para a avaliación do alumnado.....	12
Criterios para establecer as medidas de reforzo educativo.....	14
Criterios avaliación alumnado con Adaptación Curricular (AC).....	15
Criterios de promoción.....	16
Criterios para a toma de decisións.....	17
Promoción automática.....	18
Criterios do outorgamento de mencións honoríficas.....	18
Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.....	18
Especificar o procedemento para o establecemento de medidas de reforzo educativo cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado ao longo do curso.....	18
Especificar os criterios para a elaboración do informe ao finalizar os cursos 2º e 4º sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.....	20
Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas.....	21
Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.....	22
Procedemento para a revisión, avaliacións e modificación da concreción curricular...	23
Aprobación e publicidade.....	23

Adecuación dos obxectivos xerais da etapa ao contexto do centro

Todos os obxectivos da etapa han ser acadados ao remate da escolaridade; con todo, existen algúns obxectivos nos que o noso centro, polas súas características, ten un traballo previo realizado e que teñen unha especial sensibilización da comunidade escolar cara eles. As características ás que nos referimos son, fundamentalmente:

- Somos un centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ademais de acoller a unha porcentaxe significativa de alumnado estranxeiro. Traballamos a solidariedade, a inclusión e a aceptación da diferenza.
- Somos un centro que impulsa a dinamización efectiva da lingua galega e que dá importancia ao fomento da lectura ao través de múltiples actividades con eixo na biblioteca do centro (Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), PLAMBE).
- Somos un centro que ten realizado importantes esforzos na dotación de equipamentos informáticos e o seu profesorado utiliza os mesmos no seu día a día (Abalar, Edixgal).
- Somos un centro no que a saúde, a alimentación e a hixiene forman parte dos eixos que máis se traballan (Educación Física, comedor, merendas saudables...).
- Somos un centro que dá especial importancia ao coidado da natureza, ao consumo responsable, á cultura da solidariedade, igualdade e paz (Axenda 21, colaboración puntual con organizacións non gobernamentais).

Velaí que o traballo dos obxectivos da educación primaria vaian encamiñados ao logro, por parte do alumnado, das capacidades que lles permitan:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

3. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non - discriminación de persoas con discapacidade.
5. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
6. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
8. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
9. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
11. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
12. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

14. Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
15. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Contribución a adquisición das competencias clave

A consecución dos obxectivos que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa está vinculada á adquisición das competencias clave, que son:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe caracterizarse por ser transversal, interdisciplinar, dinámico e por ter un carácter integral.

Para unha adquisición eficaz das competencias clave e a súa integración efectiva no currículo é preciso incorporar certas estratexias de actuación no exercicio docente encamiñadas a deseñar tarefas motivadoras para o alumnado que partan de situacións-problema reais e se adapten aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e fomentando o traballo en equipo, facendo uso de métodos, recursos e materiais didácticos.

Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os elementos transversais son liñas teóricas que impregnan, vinculan e conectan todas as materias do currículo e, polo tanto, favorecen unha visión de conxunto. De feito, o seu tratamento debe ser necesariamente multidisciplinar, xa que a súa propia natureza exclúe o seu encasillamento nunha área ou materia concreta do currículo.

Presentan ao alumnado e ao profesorado un grupo amplo de aspectos que a sociedade, no seu conxunto, e as persoas, de forma individual, deben comprender e tratar de solucionar. É fundamental, polo tanto, coñecelos, observalos e promovelos desde todas as áreas.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia recolle os elementos transversais que deben tratarse en todas as áreas como contidos implícitos, coa finalidade de que o alumnado alcance o seu máximo desenvolvemento integral. Son os seguintes:

- A comprensión da lectura
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- A competencia dixital
- O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento
- A igualdade entre mulleres e homes
- A educación para a paz e resolución pacífica de conflitos
- A educación ambiental, para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable
- A educación para a saúde
- A educación afectivo-sexual
- A educación emocional
- A educación en valores
- A educación vial
- A interculturalidade
- A educación cívica e constitucional

Os elementos transversais traballaranse de distintos modos:

- Partindo dos contidos nas distintas materias, dado que, algúns deles forman parte dos temas propios dalgunha asignatura, mais sen menoscabo do resto das materias.
- A través do Plan de Acción Titorial no que se integran contidos relacionados coa convivencia, a resolución de conflitos, as habilidades sociais e o desenvolvemento emocional e persoal entre outros. O centro e a aula son un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia as actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa.

Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

- Participando nas actividades propostas dende a Biblioteca, polo EDLG e Axenda 21.
- A través de diversas actividades programadas en colaboración con outras entidades como as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (Plan Director) ou a Policía Municipal. (Educación viaria).
- Implicándose en campañas ou conmemoracións de datas sinaladas, especificadas nas ordes polas que se aproba o calendario escolar de cada curso, co fin de concienciar e sensibilizar ao alumnado sobre diversos temas sociais. Con ese fin prográmanse unha serie de actividades que se inclúen na Programación Xeral Anual.
- Fomentando a sensibilidade e unha actitude solidaria entre os pobos, mostrando o labor das ONG e coñecendo os dereitos humanos.
- Colaborando en actividades encamiñadas ao coidado do medio ambiente, fomentando un coidado minucioso do entorno (hortos escolares) e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.
- Fomentando a análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, lecturas e situacións da vida cotiá; rexeitando contidos sexistas ou discriminatorios polas diferenzas entre as persoas.
- Fomentando a educación para a saúde, a través da alimentación saudable (merendas que traen ao centro, comedor escolar), fomentando o exercicio e uns adecuados hábitos hixiénicos despois do deporte (aseo nos primeiros cursos e ducha a partir de 3º de EP).

- Desenvolvendo hábitos saudables e sustentables (Camiño Escolar, uso da bicicleta) e reclamando das autoridades os elementos necesarios para o seu uso seguro.
- Contribuíndo a que todo o alumnado, independentemente da súa procedencia e identidade, aprenda a convivir na nosa escola como espazo democrático, libre de racismo e intolerancia, preparándoos para a vida nunha sociedade multicultural.
- Modificando hábitos discriminatorios por sexo e procurando utilizar un linguaxe non sexista e programar actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

É innegable que cada materia implica unha serie de orientacións metodolóxicas diferentes, derivadas do contido que pretenden transmitir, da aplicación práctica de cada unha e dos obxectivos que se busquen. Porén, o marco normativo da LOMLOE establece unha forma de entender a ensinanza artellada en certos piares básicos e comúns.

O D155/2022 establece que a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa. Estará dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Prestará especial atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

En liñas xerais a metodoloxía:

- Dará ao alumnado un papel activo, mais aló de ser unicamente o de receptor do coñecemento.
- Permitirá ao profesorado axustar a metodoloxía á súa realidade.
- Partirá do nivel de desenvolvemento do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de aprendizaxe.

- Conectará cos seus intereses e necesidades.
- Partirá dos coñecementos previos para, a partir de aí, irá engarzando os novos contidos obxecto de aprendizaxe.
- Será motivadora co fin de captar o interese, de manter o esforzo e a persistencia nas tarefas.
- Introducirá estratexias metodolóxicas, ferramentas e recursos motivadores.
- Creará diferentes opcións, flexibilizará os procesos de ensino e maximizará as oportunidades de aprendizaxe.
- Estará conectada coa realidade.
- Preparará ao alumnado para verdadeiros retos.
- Traballará a comprensión e expresión lectoras así como a expresión oral nos seus distintos aspectos (escoitar, falar, discurso, debate, exposicións...)
- Dará prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánica e memorística.
- Proporcionará guías e estratexias de aprendizaxe, fomentará o afán de superación e a interiorización de rutinas de pensamento.
- Requirirá o exercicio de funcións cognitivas de orde superior (funcións executivas).
- Dará máis importancia ao proceso que ao resultado, o que implica valorar a participación e o esforzo do alumnado aínda cando non chegue a un resultado completamente satisfactorio.
- Fomentará a autonomía progresiva, a creatividade, a reflexión persoal e o sentido crítico do alumnado, chegando a conclusións propias e reelaborando a aprendizaxe para facer desta unha verdadeira aprendizaxe significativa e funcional.
- Potenciará o traballo cooperativo e as actividades participativas combinándoas con outras de tipo individual.
- Dará unha especial importancia á titorización entre iguais.
- Empregará distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado.
- Terá en conta que o alumnado aprende de distintas formas, a ritmos diferentes e representa as súas aprendizaxes de diferentes maneiras (escrita, oral, plástica...).
- Relacionará a metodoloxía empregada e os procedementos para comprobar a adquisición da aprendizaxe do alumnado. É dicir, se se empregan metodoloxías ac-

tivas na aula, a forma de avaliar os contidos non pode ser só o tradicional exame escrito.

- Introducirá a avaliación no proceso de aprendizaxe con propostas de autoavaliación e coavaliación.
- Traballará as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.
- Favorecerá o desenvolvemento de habilidades prosociais, comunicativas e empáticas.
- Coidará moito o aspecto socializador e de relación, tanto no gran grupo (centro) como no pequeno (aula). Un bo clima favorece unha aprendizaxe máis factible para todos.
- Poñerá especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- Considerará o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dándolle así ao alumnado confianza en si mesmo.
- Prestará especial atención á atención personalizada dos alumnos e das alumnas e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.
- Fomentará a comunicación e relación frecuente e clara coas familias.
- Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado da coordinación permanente co profesorado e cun contacto directo co departamento de orientación, co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común.

Critérios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos empregados, centrándose principalmente nos recursos e materiais didácticos.

O centro aposta pola diversificación de materiais curriculares e didácticos, entendendo que atender á diversidade tamén é proporcionar recursos acordes coas diversas características e necesidades do alumnado. A misión principal dos recursos será a de facilitar a aprendizaxe do alumnado de acordo coas súas capacidades.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciado no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
- Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

Ademais, promoverase o acceso de todas as aulas aos recursos dixitais, de experimentación e bibliográficos. Cada aula conta con suficientes recursos dixitais, así como con horas sinaladas para o acceso á biblioteca con todos os medios de que dispón.

Contarase con recursos diversos para desenvolver os proxectos sinalados cada curso.

Con respecto aos recursos humanos estes son:

- O profesorado titor.
- O profesorado especialista.
- A Comisión Pedagóxica.
- O departamento de orientación.
- O alumnado e as súas familias.

- Comunidade educativa.
- A Administración Educativa.

Criterios para o deseño das actividades complementarias

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. Ditas actividades están relacionadas con:

- Os contidos de cada área.
- O establecido no calendario escolar como conmemoracións a traballar.
- Os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- O coñecemento do patrimonio social e cultural do Barco e da súa bisbarra.
- O coñecemento dos recursos naturais da zona, realizando visitas e traballos.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto.

Criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

A promoción dun alumno/a terá como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación que se recollan na programación de dito curso segundo o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O equipo docente que imparte clases ao alumnado decidirá sobre a súa promoción, tendo especial consideración a opinión do profesorado titor. No caso de que non promocióne o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que durante o seguinte curso o alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias

correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o modelo do centro, baseado no establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Cando un alumno/a acada a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. O profesorado responsable da materia elaborará un Plan de Reforzo e Recuperación da materia pendente para o seguinte curso, orientado a alcanzar as aprendizaxes imprescindibles, que lle permitan continuar con éxito no nivel que comeza.

Para iso, o profesorado que imparte esa área debe aplicar as medidas específicas de reforzo que se consideren necesarias para que o alumno/a poida superar as dificultades de aprendizaxe que motivaron a avaliación negativa. Estas medidas de reforzo aplicaranse conforme ao Plan Xeral de Atención á Diversidade e terá en conta que todas as materias do curso contan con contidos progresivos, polo que aprobar un área nun curso implica necesariamente a superación desa área como pendente en ciclos anteriores.

As familias serán informadas da existencia do Plan de Recuperación e da adquisición e superación do mesmo no momento que se acade.

Criterios xerais para a avaliación e a promoción.

Criterios xerais para a avaliación do alumnado

- Para a avaliación tomamos como referente a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación no sistema educativo de Galicia.
- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación que se recollen no D155/2022.
- A avaliación das competencias clave estará integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás si-

tuacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

- Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os descritores operativos de cada competencia. Os descritores operativos estarán vinculados cos obxectivos de cada área e, mediante os criterios de avaliación poderá deducirse o grao de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída e, polo tanto, a consecución das competencias clave e dos obxectivos xerais previstos para a etapa.
- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, así como da propia práctica docente.
- A avaliación formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.
- Empregaranse estratexias e instrumentos de información e avaliación variados, diversos, adaptados e o máis precisos posibles, que nos permitan obter un conxunto de datos necesarios para poder valorar o grado de adquisición das competencias clave do alumnado e nos guíen para reorientar o proceso, cando sexa necesario, corrixindo aqueles aspectos nos que se detecten desaxustes.
- Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva seguirase o disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda.
- Cabe destacar que ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.
- Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Criterios para establecer as medidas de reforzo educativo

- Cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse as medidas de atención que se consideren pertinentes, partindo das máis ordinarias ata chegar ás extraordinarias e/ou excepcionais.
- Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- O profesorado de área comunicará ao profesorado titor as dificultades detectadas para a organización dos reforzos curriculares necesarios e se elevarán ditas necesidades á Xefatura de Estudos, así como ao Departamento de Orientación.
- Criterios a ter en conta:
 - Avaliación inicial onde se estableza claramente de onde partimos.
 - Cualificación dos cursos anteriores e informes se os houberse, tanto do Departamento de orientación (DO) como de profesorado anterior.
 - Análise dos resultados das avaliacións.
 - Observación directa do alumnado, traballo na aula, autonomía e análise das súas producións.
 - Disponibilidade horaria do profesorado e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co DO.
 - Aplicaranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
 - O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnado, como para orientalos e promover a súa cooperación.

- Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.
- O reforzo educativo realizarase dentro da aula ordinaria polo profesorado titor ou por outro profesorado en lectivas dispoñibles e, como medida extraordinaria, polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe. Recibirá este tipo de reforzo aquel alumnado que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poida seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental, lingua castelá, lingua galega e matemáticas.
- En todo caso intentarase:
 - Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
 - Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos o alumnado na súa diversidade.
 - Partir da avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.
 - Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

criterios avaliación alumnado con Adaptación Curricular (AC)

- A adaptación curricular é unha medida extraordinaria que atingue ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.
- O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular (currículo adaptado).

- No caso do alumnado con adaptación curricular, os referentes de avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- O alumnado con adaptacións curriculares recibirá apoio por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe.

Criterios de promoción

Ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º da etapa, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.

A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

É fundamental que de cara a non promoción do alumnado todo o profesorado do centro utilice os mesmos criterios.

A permanencia no mesmo curso é unha medida de carácter excepcional e esta decisión soamente poderá adoptarse unha vez en toda a etapa, oída a familia.

A repetición tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- Para que un alumno/a non promociione e, polo tanto, permaneza un ano máis no curso, será necesario que así o aconselle o equipo educativo que intervén con el/ela, primando o criterio do titor/a.
- Non caberá repetición dun alumno/a se non se aplicou ningunha medida previa en cada caso. Ademais debe informarse a familia con antelación da posibilidade de tomar esa medida, deixando rexistro escrito desa comunicación.
- En xeral, o alumnado non poderá promocionar se non supera dúas materias instrumentais ou tres ou máis materias, independentemente do tipo de asignaturas.

- Pode darse a situación de que o alumnado teña máis de dúas áreas sen superar e o equipo docente decida que promocioe igualmente ao curso, ciclo ou etapa seguinte, tendo en conta:
 - Os informes do equipo docente.
 - A capacidade do alumnado para seguir con aproveitamento as ensinanzas do nivel seguinte.
 - As expectativas favorables de recuperación e se a súa promoción/non promoción beneficia a evolución académica.
 - O interese e esforzo manifestado polo alumno/a.
 - As circunstancias persoais do alumno/a.
 - O nivel de integración co grupo no que promociona.
 - A oferta e aproveitamento das medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.
- A repetición ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a tomar esa medida. Se o equipo docente determina que as materias non superadas impiden que o alumno/a siga con éxito o curso seguinte, este permanecerá un ano máis no mesmo curso e deberá seguir un plan específico de reforzo elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, que se desenvolverá ao longo de todo o curso, seguindo o modelo do centro, baseado no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade.
- Ademais, cando as circunstancias persoais da alumna ou do alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, un alumno/a poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización, non podendo permanecer no centro máis aló do curso escolar no

que cumpra quince anos. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

Criterios para a toma de decisións

A toma de decisións sobre a promoción terá lugar na sesións de avaliación, de xeito colexiado, tendo en conta especialmente o criterio do profesorado titor. Consideraranse os criterios de promoción establecidos no centro. A familia asinará nun documento (modelo de centro) que foi informada da posible repetición.

Promoción automática

A promoción automática darase nas seguintes situacións:

- Alumnado que promociona de xeito automático con todas as materias aprobadas.
- Alumnado que cursa 1º, 3º e 5º curso de Educación Primaria.
- Alumnado que promociona de xeito automático se xa permaneceu un curso máis en Educación Primaria independentemente das materias suspensas unha vez aplicado o plan de reforzo establecido para cada alumno/a que estea neste caso e considerar cales son as súas necesidades.

Criterios do outorgamento de mencións honoríficas

No centro se seguirán as directrices que emanan da ORDEN de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas estarán guiadas polo estilo pedagóxico do centro docente, articulado no seu Proxecto Educativo, que terá que considerar o profesorado para realizar o desenvolvemento das mesmas, ademais do nivel de competencia curricular de cada alumna e alumno e as axudas que precise, tendo en conta o Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA).

Especificar o procedemento para o establecemento de medidas de reforzo educativo cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado ao longo do curso.

O profesorado titor ou de área, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación inicial e/ou continua, detectará e valorará as necesidades educativas dos seu alumnado cando este presente dificultades para seguir o proceso de aprendizaxe nalgún ámbito de desenvolvemento.

A principios de curso, o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma coñecerá o punto de partida do seu alumnado con relación aos aprendizaxes esperados e axustará o proceso de ensinanza acorde ás características e necesidades dos nenos/as.

En función desta avaliación practicada realizaranse actividades adaptadas a cada grupo, definiranse propostas personalizadas e tentarase facer efectiva unha atención educativa que teña en conta as necesidades de todos e cada un dos alumnos/as, coa finalidade de identificar o tipo de axudas e recursos para facilitar o seu proceso educativo.

Ademais complementará a información partindo dos informes finais de avaliación, das avaliacións trimestrais, do Departamento de Orientación, da observación do alumno/a, das súas producións escolares e dos datos facilitados pola familia e por outros profesionais.

A partir da análise por parte do titor/a da avaliación practicada, detectaranse as posibles necesidades que incidan no rendemento escolar dun alumno/a en concreto. Adoptaranse, de ser o caso, as medidas ordinarias de atención á diversidade de xeito normalizado. Se consegue dar resposta a esas necesidades pecharase o ciclo.

Se se presume que o alumno/a esixe unha intervención máis individualizada e diferenciada, trasladarase ao d Departamento de Orientación a información relevante. A partir da información rexistrada, o profesorado titor e a persoa responsable do departamento revisarán as medidas que se estean levando a cabo, as posibles barreiras da aprendizaxe e deseñaranse posibles medidas encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

Nun principio tentarase de dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias. Se non abonda con esa resposta, a orientadora do centro poderá

considerar necesaria a realización dunha avaliación psicopedagóxica segundo os resultados de probas xerais realizadas ou en función da evolución do alumnado.

As primeiras medidas levaríanse a cabo polo profesorado da materia. De ser o caso de ter dispoñibilidade horaria podería facer este reforzo un mestre/a do centro. Estas son consideradas medidas ordinarias e entre elas atopamos as seguintes (remitimos ao PXAD do centro):

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno .
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia.
- Desdobramento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan de recuperación para o alumnado que promociona con áreas pendentes.
- Plan específico de reforzo específico para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

Se aínda así, o progreso do alumno/a non é o axeitado levaríanse a cabo medidas extraordinarias (remitimos ao PXAD do centro). Entre estas se atopan as seguintes:

- Apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) ou Audición e Linguaxe (AL).
- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Flexibilización da duración do período de escolarización en EI e EP.
- Atención educativa a alumnado con dificultades de asistencia continuada ao centro escolar (atención educativa hospitalaria, domiciliaria e virtual).
- Atención educativa a alumnado procedente do estranxeiro (grupos de adquisición de linguas e os grupos de adaptación da competencia curricular).

- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade pena.
- Atención educativa a alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa a alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa a alumnado pertencente a familias itinerantes.

Especificar os criterios para a elaboración do informe ao finalizar os cursos 2º e 4º sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

- Ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte. Existe un modelo no centro a tal efecto.
- Incluírase un apartado onde se especifique o grao de adquisición de competencias clave e que competencias deben ser reforzadas no curso seguinte, establecendo cales son os puntos febles.
- Reforzar as competencias adquiridas como base para a adquisición das non adquiridas.
- Especificar as medidas de reforzo que se aplicaron individualmente, comunicándolas ás familias.

Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas.

Cada docente do CEIP P Condessa de Fenosa elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte. A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

O profesorado do centro seguirá unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, e, ademais, manterá o esquema de referencia que establece a aplicación PROENS. A continuación detállanse os distintos elementos dos que consta a programación:

- Introducción
- Relación de unidades didácticas
- Distribución currículo nas unidades didácticas
- Avaliación das unidades didácticas
- Concrecións metodolóxicas
- Materiais e recursos didácticos
- Procedemento para a avaliación inicial
- Criterios de cualificación e recuperación
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- Medidas de atención á diversidade
- Actividades complementarias
- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
- Distribución Criterios de avaliación por Unidade Didáctica (por obxectivos/por bloque)
- Orientacións pedagóxicas: liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

En caso de modificación, o modelo utilizado será o remitido pola Inspección Educativa.

Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes, dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo, entre outras prácticas, plans e proxectos reflectidos no seu Proxecto Educativo, así como outros programas, ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades, nos cales participa o centro de xeito anual.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a mellorar o éxito escolar e previr o abandono educativo temperán do alumnado.
- Diminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar e conseguir os obxectivos do seu nivel educativo.

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo, unha mellor convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos
- Fomentan o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa.
- Fomenten a aprendizaxe de idiomas e o respecto por outras culturas
- Fomentan o reforzo das habilidades dixitais e das competencias asociadas.
- Fomentan a aprendizaxe a través do xogo e a experimentación.
- Fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial e estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.
- Apoian a cultura da experimentación, a creación e a investigación, en espazos creativos e cooperativos.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas distintas áreas.
- Permiten crear lectores/as eficientes e alumnos/as competentes lingüisticamente.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Algúns dos plans, proxectos e programas desenvolvidos no centro son:

- Programa ARCO
- Programa Axenda 21
- Programa Edulingüe
- Programa Digicraft
- Contratos programa
- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)
- Programa Radio na Biblio
- Proxecto Biblioteca Creativa
- Proxecto Abalar
- Edixgal
- Plan Proxecta
- Plan Director

Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións lexislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

A Concreción Curricular do CEIP Plurilingüe Condessa de Fenosa do Barco de Valdeorras está realizada polo equipo directivo, a comisión de coordinación pedagóxica e o claustro de profesorado. Dito documento orienta ao profesorado na súa actuación docente, para garantir o cumprimento de todo no que nel queda recollido.

Aprobación e publicidade

ELABORADO POR: Equipo Directivo	REVISADO POR: CCP	APROBADO POR: Claustro
DATA: 03/10/2022	DATA: 10/10/2022	DATA: 26/10/2022
Data publicidade na páxina web do centro: 28/11/2022		

CONCRECIÓN CURRICULAR
(2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL)

Curso 2022- 2023



CEIP. P. Condesa De Fenosa

O Barco De Valdeorras

32015116

Índice

Sumario

Adecuación dos obxectivos xerais da etapa ao contexto do centro.....	3
Contribución a adquisición das competencias clave.....	5
Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.....	6
Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.....	10
Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.....	13
Criterios para o deseño das actividades complementarias.....	14
Criterios xerais para a avaliación.....	15
Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	16
Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.....	17
Procedemento para a revisión, avaliacións e modificación da concreción curricular.....	18
Aprobación e publicidade.....	18

Adecuación dos obxectivos xerais da etapa ao contexto do centro

Todos os obxectivos da etapa serán acadados ao remate da educación infantil; con todo, existen algúns obxectivos nos que o noso centro, polas súas características, ten un traballo previo realizado e que teñen unha especial sensibilización da comunidade escolar cara eles. As características ás que nos referimos son, fundamentalmente:

- Somos un centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ademais de acoller a unha porcentaxe significativa de alumnado estranxeiro. Traballamos a solidariedade, a inclusión e a aceptación da diferenza.
- Somos un centro que impulsa a dinamización efectiva da lingua galega e que dá importancia ao fomento da lectura ao través de múltiples actividades con eixo na biblioteca do centro (Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), PLAMBE).
- Somos un centro que ten realizado importantes esforzos na dotación de equipamentos informáticos e o seu profesorado utiliza os mesmos no seu día a día (pantallas dixitais nas aulas; iniciación á informática).
- Somos un centro no que a saúde, a alimentación e a hixiene forman parte dos eixos que máis se traballan (comedor, merendas saudables...).
- Somos un centro que dá especial importancia ao coidado da natureza, ao consumo responsable, á cultura da solidariedade, igualdade e paz (Axenda 21, actividades complementarias programadas, colaboración puntual con organizacións non gobernamentais).

Velaí que o traballo dos obxectivos da educación infantil vaian encamiñados ao logro, por parte do alumnado, das capacidades que lles permitan:

1. Formarse unha auto-imaxe positiva e axustada, a través da interacción cos iguais e coas persoas adultas.
2. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
3. Recoñecer e identificar os propios sentimentos, emocións, intereses, preferencias e necesidades, ampliando e perfeccionando os múltiples recursos de expresión, aprendendo a comunicalos e recoñecendo e respectando os dos demais.

4. Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.
5. Coñecer e apreciar os valores e as normas básicas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas e iniciar a súa convivencia nunha sociedade plural.
6. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non - discriminación de persoas con discapacidade.
7. Desenvolver hábitos de traballo individual e de esforzo, así como actitudes de autoconfianza, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
8. Realizar, de maneira cada vez máis autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de confianza e a capacidade de iniciativa e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.
9. Observar e explorar a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e espertando curiosidade polo seu coñecemento.
10. Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
11. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e xeitos de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
12. Descubrir aspectos fundamentais da súa contorna e da súa cultura e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
13. Coñecer as linguas cooficiais da comunidade autónoma e espertar o interese pola lectura.
14. Coñecer a lingua estranxeira e espertar curiosidade por coñecer outras culturas.
15. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
16. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e cualidades, establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

17. Desenvolver as competencias matemáticas básicas a partir de situacións de aprendizaxe que partan da vida cotiá.
18. Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.
19. Iniciar ao alumnado nas competencias tecnolóxicas básicas.
20. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
21. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas coa hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e gozar das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
22. Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Contribución a adquisición das competencias clave

A etapa infantil supón o inicio do proceso de adquisición das competencias clave, que son:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Non existe unha xerarquía establecida entre as distintas competencias, xa que se consideran todas igualmente importantes. Tampouco se establecen entre elas límites diferenciados nin se corresponden univocamente cunha única área, polo que teñen un carácter transversal e se desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen nas distintas áreas. Este carácter transversal das competencias favorece o enfoque globalizado propio da etapa de Educación Infantil.

Para unha adquisición eficaz das competencias clave e a súa integración efectiva no currículo é preciso incorporar certas estratexias de actuación no exercicio docente. Estas estratexias deben estar pensadas para deseñar tarefas motivadoras para o alumnado, que partan de accións concretas co fin de resolver de maneira eficaz tarefas significativas e contextualizadas. Deben ademais orientarse ao desenvolvemento integral de nenos e nenas, así como adaptarse aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos/as.

No segundo ciclo de Educación Infantil cobra maior protagonismo a adquisición de competencias que contribúen a “aprender a ser” e a “aprender a facer”, avanzando así no camiño cara ao desenvolvemento da autonomía, da responsabilidade e da iniciativa na realización das tarefas. O proceso de desenvolvemento e aprendizaxe estará marcado pola observación, a escoita activa e o aumento progresivo da actividade mediante a experimentación e o xogo.

Criteria para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

As competencias clave reflíctense tanto nos distintos elementos curriculares como nos **principios pedagóxicos** da etapa.

O primeiro destes principios é o **fomento do desenvolvemento integral e harmónico dos nenos e nenas**. Promoverase o desenvolvemento de todas as necesidades de expresión, de movemento, de interacción, de percepción, de aprender e de relacionarse co mundo propios destas idades, co fin de desenvolver todas as súas potencialidades, respectando a cultura da infancia. Por iso é preciso que como mestres/as coñezamos as súas necesidades, intereses e inquietudes, así como os factores e procesos evolutivos que configuran as posibilidades de experimentar, desenvolverse e aprender do noso alumnado.

Do mesmo xeito, debemos dar resposta a estas necesidades, intereses e inquedanzas, en función da madurez e do momento vital no que se atopen os nenos/as, proporcionándolles as ferramentas que lles axuden a funcionar con maior autonomía e a afrontar con responsabilidade os retos que poidan xurdir.

Debemos ter sempre en conta as necesidades e oportunidades individuais de cada neno/a, así como as do seu contexto familiar e establecer medidas para garantir unha educación inclusiva e equitativa.

Outro dos principios pedagóxicos que fundamenta a práctica educativa nesta etapa é a experimentación e o xogo, así como proporcionar **experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas**.

A aprendizaxe concíbese como un proceso que os nenos/as levan a cabo de forma activa, o que implica a súa acción sobre a realidade, a súa motivación, a elaboración de interpretacións e a comprensión de significados progresivamente axustados aos aspectos da súa contorna e de si mesmos/as.

Neste sentido, e para facilitar a vinculación das situacións de aprendizaxe coas necesidades, intereses e preocupacións dos nenos/as, prevese que estas se formulen a partir da interacción entre o alumnado e o profesorado, establecendo conexións entre o novo e o coñecido e experimentado.

Abordar a aprendizaxe da etapa dende este enfoque supón deseñar e desenvolver situacións de aprendizaxe funcionais, significativas e relevantes que requiran a concorrencia de coñecementos, habilidades e actitudes propias das áreas que integran a Educación Infantil.

Favorecerase, aínda que sen ser esixible para afrontar a educación primaria, unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá nas competencias numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical e nunha primeira aproximación á lingua estranxeira.

Así mesmo, o deseño das actividades cotiás debe abordarse desde unha perspectiva que evite discriminacións.

Para asegurar o benestar emocional e favorecer a inclusión de todo o alumnado garantirase a interacción entre os alumnos/as, independentemente das súas características, prestarase especial atención á accesibilidade dos recursos e material manipulativo da aula e asegurarse a participación de todos os nenos/as nas actividades propostas. Do mesmo xeito, teranse en conta as posibles necesidades específicas dos alumnos e alumnas en relación coa comunicación e a linguaxe.

Prestarase especial atención ao principio de **igualdade**, incidindo na eliminación de contidos e estereotipos sexistas que impliquen discriminación entre mulleres e homes, con especial atención aos materiais educativos.

Os **elementos transversais** son liñas teóricas que impregnan, vinculan e conectan todas as materias do currículo e, polo tanto, favorecen unha visión de conxunto. De feito, o seu tratamento debe ser necesariamente multidisciplinar, xa que a súa propia natureza exclúe o seu encasillamento nunha área ou materia concreta do currículo.

Presentan ao alumnado e ao profesorado un grupo amplo de aspectos que a sociedade, no seu conxunto, e as persoas, de forma individual, deben comprender e tratar de solucionar. É fundamental, polo tanto, coñecelos, observalos e promovelos desde todas as áreas.

O Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia recolle os elementos transversais que deben tratarse en todas as áreas como contidos implícitos, coa finalidade de que o alumnado alcance o seu máximo desenvolvemento integral. Os elementos transversais son os seguintes:

- O desenvolvemento afectivo, a xestión emocional
- As manifestacións da comunicación e da linguaxe
- Os hábitos de movemento e control corporal
- As pautas elementais de convivencia e relacións sociais
- A educación para a paz e resolución pacífica de conflitos
- O descubrimento do medio no que viven, dos seres vivos que habitan nel e das súas características físicas e sociais
- A interculturalidade
- A igualdade entre mulleres e homes
- A linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas
- A educación ambiental para o consumo responsable e sostible
- A educación en valores cívicos para a convivencia
- A educación para a saúde que fomente hábitos saudables
- A autonomía, o autoconhecimento e a autoimaxe e positiva, equilibrada e igualitaria, libre de estereotipos discriminatorios
- O fomento da creatividade e a iniciativa persoal
- O coñecemento da diversidade familiar existente
- A comunicación audiovisual
- A educación dixital
- A educación viaria

Os elementos transversais traballaranse de distintos modos:

- Partindo dos contidos nas distintas áreas, dado que, algúns deles forman parte dos temas propios dalgunha delas.
- A través do Plan de Acción Titorial no que se integran contidos relacionados co coñecemento de si mesmo, a convivencia, a resolución de conflitos, as habilidades sociais e o desenvolvemento emocional e persoal entre outros. O centro e a aula

son un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia as actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa.

Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

- Participando nas actividades propostas dende a Biblioteca, polo EDLG e Axenda 21.
- A través das actividades complementarias programadas polo profesorado de Infantil especificamente para cada nivel.
- A través de diversas actividades programadas complementarias programadas polo profesorado de Infantil especificamente para cada nivel en colaboración con outras entidades locais.
- Implicándose en campañas ou conmemoracións de datas sinaladas, especificadas nas ordes polas que se aproba o calendario escolar de cada curso, co fin de concienciar e sensibilizar ao alumnado sobre diversos temas sociais. Con ese fin prográmanse unha serie de actividades que se inclúen na Programación Xeral Anual.
- Fomentando a sensibilidade e unha actitude solidaria entre os pobos, mostrando o labor das ONG e coñecendo os dereitos humanos.
- Colaborando en actividades encamiñadas ao coidado do medio ambiente, fomentando un coidado minucioso do entorno (hortos escolares) e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.
- Iniciando ao alumnado na análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, lecturas e situacións da vida cotiá; rexeitando contidos sexistas ou discriminatorios polas diferenzas entre as persoas.
- Fomentando a educación para a saúde, a través da alimentación saudable (merendas que traen ao centro, comedor escolar), fomentando o exercicio e uns adecuados hábitos hixiénicos a partir das rutinas diarias.
- Desenvolvendo hábitos saudables e sustentables.
- Contribuíndo a que todo o alumnado, independentemente da súa procedencia e identidade, aprenda a convivir na nosa escola como espazo democrático, libre de racismo e intolerancia, preparándoos para a vida nunha sociedade multicultural.
- Modificando hábitos discriminatorios por sexo e procurando utilizar un linguaxe non sexista e programar actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

É innegable que cada área implica unha serie de orientacións metodolóxicas diferentes, derivadas do contido que pretenden transmitir, da aplicación práctica de cada unha e dos obxectivos que se busquen. Porén, o marco normativo da LOMLOE establece unha forma de entender a ensinanza artellada en certos piares básicos e comúns.

O D150/2022 establece que a metodoloxía didáctica será **fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa**. Estará dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Prestará especial atención ao desenvolvemento de metodoloxías activas que permitan nas que estean moi presentes os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, achegando distintas opcións para o acceso aos contidos, potenciando distintos xeitos de expresarse, deseñando ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades co fin de motivar ao alumno/a e aproveitar a curiosidade que ten o alumnado por explorar e descubrir o mundo que o rodea.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo e potenciará a aprendizaxe significativa.

En liñas xerais a metodoloxía:

- Fomentará a construción de sólidos vínculos afectivos entre o profesorado e o alumnado do grupo.
- Impulsará o deseño e a organización de ambientes de aprendizaxe amables e agradables que propicien a comodidade e a seguridade das nenas e dos nenos, coidando de xeito especial o seu equilibrio estético, a súa versatilidade e a interacción e relacións coas persoas e cos obxectos.
- Creará as condicións para que o ambiente de aprendizaxe propicie a estabilidade e seguridade emocional que permita ao alumnado afrontar os retos e as experiencias do día a día.
- Fomentará un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse será un paso máis no proceso de aprendizaxe en que cada neno ou nena poida sentir que está ante un reto, aínda que terá confianza para pedir axuda.
- Terá en conta unha concepción positiva da infancia respecto ao desenvolvemento das súas múltiples potencialidades.
- Buscará o máximo desenvolvemento do alumnado, axustándose ao seu momento evolutivo e respectando os ritmos e as características individuais.

- Promoverá a organización flexible do tempo e dos espazos, adaptándose e respondendo ás características das tarefas e ás necesidades e ritmos das nenas e dos nenos, así como que permitirá levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar.
- Aproveitará todos os espazos do colexio, pois todos son educativos.
- Incluirá na organización tempos para a calma.
- Destacará os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...
- Fomentará o emprego de estratexias que axuden a conseguir unha aprendizaxe significativa, seguindo os **principios básicos da neuroeducación** no que di que o **alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais**.
- Proporá situacións de aprendizaxe contextualizadas a partir das experiencias e coñecementos previos do alumnado para garantir a significatividade.
- Ofrecerá actividades onde se desenvolvan distintos estilos de aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e capacidades do alumnado.
- Potenciará actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...
- Fomentará o uso de dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (potenciando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
- Promoverá a utilización do xogo como estratexia para desenvolver a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.
- Terá en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe motivadoras, que partan dos intereses das nenas e dos nenos.
- Dará ao alumnado un papel activo nas actividades, buscando sempre que sexa o protagonista activo das súas aprendizaxes.
- Promoverá o protagonismo do alumnado mediante a observación, a formulación de preguntas, a presentación en público dos traballos, a exposición dos contidos, a realización de auto avaliacións, etc.
- Promoverá a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas cara ao desenvolvemento da súa autonomía.
- Procurará o deseño de actividades que respondan á diversidade do alumnado e que favorezan a superación de barreiras.
- Achegará distintas opcións para o acceso aos contidos, que contemplan un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencien a

motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

- Fomentará a curiosidade, a realización de actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas e a busca de solucións de maneira autónoma e imaxinativa, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.
- Impulsará a sensibilidade cara ao medio ambiente e a necesidade de actuar para preservalo fomentando o coidado e a mellora da contorna mediante a integración de hábitos de vida sans e sustentables.
- Promoverá o achegamento á contorna próxima fomentando a súa exploración activa, o seu coñecemento, gozo e respecto, así como o descubrimento da contorna máis afastada a través das experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos que susciten o interese do alumnado por coñecelas.
- Promoverá o achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencie en todo momento actitudes de respecto e de aprecio.
- Incluirá o deseño de situacións STEAM que faciliten a aplicación das habilidades do pensamento computacional e que axuden ao alumnado a superar situacións problemáticas de xeito creativo e orixinal.
- Fomentará a expresión de emocións e a autorregulación.
- Favorecerá un enfoque coeducativo.
- Posibilitará situacións que favorezan a expresión asertiva e a escoita activa das emocións, propias e alleas.
- Fomentará a interacción social ao mesmo tempo que se potenciará a construción da propia identidade
- Traballará as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.
- Fomentará a comunicación e relación frecuente e clara coas familias.

Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado da coordinación permanente co profesorado e cun contacto directo co departamento de orientación, co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común.

Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Neste apartado vaise expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos empregados, centrándose principalmente nos recursos e materiais didácticos.

O centro aposta, na medida do posible, pola diversificación de materiais curriculares e didácticos, entendendo que atender á diversidade tamén é proporcionar recursos acordes coas diversas características e necesidades do alumnado.

Dado o carácter manual da etapa de infantil, os materiais e recursos didácticos xogan un papel moi importante. A súa misión principal é servir de apoio á aprendizaxe, favorecendo a interiorización dos contidos dun xeito eficaz e significativo, contribuindo a adquirir unha aprendizaxe máis concreta e específica, así como cumprindo unha función motivadora.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polo equipo docente procurarán seguir un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionen resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Adecuación ao momento evolutivo do neno/a.
- Adaptación dos materiais ás distintas aptitudes, características e necesidades, procurando que sexan o máis diversos e versátiles.
- Oferta ampla de materiais de diferente tipo, incluíndo os materiais continuos, os non específicos e os elementos do medio natural e sociocultural, que esperten o interese por explorar e experimentar.
- Atractivos, facilitadores da interacción e da aprendizaxe.
- Carácter motivador, que esperte o interese e curiosidade para a súa utilización.
- Carácter polivalente, que facilite a súa utilización en varias actividades e como elementos de diferentes xogos.
- Carácter individual e colectivo.
- Que sexan accesibles co obxecto de favorecer a libre elección dos alumnos/as e a co-responsabilización no seu coidado e organización.
- Seguros e manipulables, de xeito que poidan ser utilizados de forma autónoma e independente.
- Potenciadores da actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
- Que provoquen unha resposta creativa do alumnado.
- Que non favorezan actitudes de discriminación por razón de xénero nin belicistas.

- Ademais, promoverase o acceso de todas as aulas aos recursos dixitais, de experimentación e bibliográficos. Cada aula conta con suficientes recursos dixitais, así como con horas sinaladas para o acceso á biblioteca con todos os medios de que dispón.
- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información, respectando os tempos de uso e minimizando a exposición ás pantallas empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

Con respecto aos recursos humanos estes son:

- O profesorado titor.
- O profesorado de apoio de Educación Infantil.
- O profesorado especialista.
- A comisión pedagóxica.
- O departamento de orientación.
- O alumnado e as súas familias.
- A comunidade educativa.
- A administración educativa.

Criterios para o deseño das actividades complementarias

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. Ditas actividades están relacionadas con:

- Os contidos de cada área.
- O establecido no calendario escolar como conmemoracións a traballar.
- Os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- O coñecemento do patrimonio social e cultural do Barco e da súa bisbarra.
- O coñecemento dos recursos naturais da zona, realizando visitas e traballos.

Tratan de afondar nas aprendizaxes significativas, achegando ao alumnado aos núcleos de actividade que están preto dos seus intereses e que forman parte da súa vida.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto.

Crterios xerais para a avaliación

- Para a avaliación tomamos como referente o **Decreto 150/2022 do 8 de setembro** polo que se establece a **ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**.
- A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación que se recollen no anexo II do D150/2022 en cada unha das áreas.
- A avaliación formará parte inseparable do proceso educativo, será **global, continua e formativa**.
 - Global, en canto deberá referirse ao grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, así como ao contexto do centro e ás características do alumnado.
 - Continua, pois considerárase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal o profesorado que atende ás nenas e aos nenos recolle información de forma continua sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.
 - Formativa, en canto regula e orienta o proceso educativo ao proporcionar unha información constante que permite axustar e mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa coa finalidade de adaptalos ás características persoais de cada alumna e alumno
- Empregaranse estratexias e instrumentos de información e avaliación variados, diversos, adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a **observación directa e sistemática** constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, as rúbricas e as entrevistas coas familias.
- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, así como da propia práctica docente.
- O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas

avaliarán a súa propia práctica educativa (indicadores de logro nas programacións docentes).

- Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, de acordo coa normativa de atención á diversidade
- A final de curso, a persoa titora elaborará un **informe final de cada alumna ou alumno**, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá a **valoración global de cada área, a valoración do nivel de desempeño dos criterios de avaliación de cada área seleccionados nese curso académico, as dificultades atopadas** no proceso de ensino e de aprendizaxe e a valoración, se for o caso, das medidas de apoio aplicadas.
- Ademais á **finalización do sexto curso**, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, a persoa titora elaborará un **informe final de etapa sobre o progreso global de cada nena e cada neno**. O dito informe recollerá a apreciación do grao de adquisición dos obxectivos da etapa e das competencias clave, así como as dificultades atopadas no proceso de ensino e de aprendizaxe e a valoración, se for o caso, das medidas de apoio aplicadas.
- **O informe final de etapa será posto a disposición da persoa titora da nova etapa**. Garantirá a continuidade do proceso de formación entre esta etapa e a etapa de educación primaria para o que requirirá a **estreita coordinación entre o profesorado de ambas**.

Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas estarán guiadas polo estilo pedagóxico do centro docente, articulado no seu Proxecto Educativo, que terá que considerar o profesorado para realizar o desenvolvemento das mesmas, ademais do nivel de competencia curricular de cada alumna e alumno e as axudas que precise, tendo en conta o Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA).

Crterios para a participaci3n do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes, dentro do marco establecido polas administraci3ns educativas, desenvolven a súa autonomía pedag3xica e organizativa levando a cabo, entre outras pr3cticas, plans e proxectos reflectidos no seu Proxecto Educativo, así como outros programas, ofertados pola Consellería de Educaci3n e outras entidades, nos cales participa o centro de xeito anual.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a mellorar o 3xito escolar e previr o abandono educativo temper3n do alumnado.
- Diminuir as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar e conseguir os obxectivos do seu nivel educativo.
- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do di3logo, unha mellor convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos
- Fomentan o uso coti3n da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa.
- Fomenten a aprendizaxe de idiomas e o respecto por outras culturas
- Fomentan o reforzo das habilidades dixitais e das competencias asociadas.
- Fomentan a aprendizaxe a trav3s do xogo e a experimentaci3n.
- Fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial e estean comprometidos coa consecuci3n dos obxectivos de desenvolvemento sostible.
- Apoian a cultura da experimentaci3n, a creaci3n e a investigaci3n, en espazos creativos e cooperativos.
- Permiten a colaboraci3n de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas distintas 3reas.
- Permiten crear lectores/as eficientes e alumnos/as competentes lingüisticamente.
- Aqueles que levan a cabo una acci3n orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Alg3ns dos plans, proxectos e programas desenvolvidos no centro son:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)
- Programa Radio na Biblio
- Proxecto Biblioteca Creativa
- Programa Edulingüe

- Plan Proxecta
- Plan Director
- Programa Axenda 21
- Programa Digicraft
- Contratos programa
- Proxecto Abalar
- Edixgal

Procedemento para a revisión, avaliacións e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

A Concreción Curricular do CEIP Plurilingüe Condese de Fenosa do Barco de Valdeorras está realizada polo equipo directivo, a comisión de coordinación pedagóxica e o claustro de profesorado. Dito documento orienta ao profesorado na súa actuación docente, para garantir o cumprimento de todo no que nel queda recollido.

Aprobación e publicidade

ELABORADO POR: Equipo Docente	REVISADO POR: Comisión de Coordinación Pedagóxica	APROBADO POR: Claustro e Inspección Educativa
DATA: 28/02/2023	DATA: 06/03/2023	DATA: